

ESTATUTOS

“CARMARIN”

**ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS
DE ALUMNOS/AS**

DO

**COLEXIO MARÍA INMACULADA
HERMANAS CARMELITAS**

**C/ Pi y Margall, 58
36202 VIGO**

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º

Constitúese en Vigo unha Asociación sen ánimo de lucro, que se denominará **“ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DO COLEXIO MARÍA INMACULADA – HH. CARMELITAS”**, que se singulariza cola denominación de **“CARMARIN”**.

A asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º

Son fins principais da Asociación:

- a.-** Asisti-los pais, nais ou titores dos alumnos/as en todo aquilo que concirna á educación dos seus fillos/as ou tutelado/a.
- b.-** Colaborar nas actividades educativas do Centro.
- c.-** Promove-la participación dos nais e pais dos alumnos/as na xestión do Centro.
- d.-** Asisti-los nais e pais dos alumnos/as no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e.-** Facilita-la representación e a participación dos nais e pais dos alumnos/as no consello escolar do Centro e noutros órganos colexiados.
- f.-** Establecer e manter un estreito contacto e colaboración coa Titularidade do Centro e estimular as relacións e compenetración dos nais e pais co Centro.

Artigo 3º

Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organiza-las seguintes actividades:

- a.-** Organizar actividades e servizos de tipo pastoral, asistencial, social, educativo, cultural e recreativo-deportivo, para os membros da Comunidade Educativa do Centro.
- b.-** Procurar relacións de colaboración con outras entidades con fins comúns.
- c.-** Cooperar co resto da Comunidade Educativa para a súa progresiva transformación nunha Comunidade Cristiá.
- d.-** Representa-los nais e pais dos alumnos/as nos órganos de participación cidadá e na defensa dos seus dereitos e liberdades.

e.- Promove-los dereitos recoñecidos ós nais e pais, na Constitución, nas Leis e nos Tratados Internacionais, así como na Declaración Universal dos Dereitos do Home e na Carta dos Dereitos da Familia.

Como Asociación sen ánimo de lucro destinarase ós devanditos fins polo menos o sesenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto exceptuándose as achegas efectuadas en concepto de dotación patrimonial.

Artigo 4º

O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de Vigo, rúa de Pi y Margall nº 58, C.P. 36202, teléfono 986229520, correo electrónico_____.

Poderanse utilizar outros locais asociativos noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións. Para os efectos de comunicacións e notificacións sinálase como enderezo o da sede desta Asociación.

Artigo 5º

A Asociación en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º

A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e no resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II DOS SOCIOS

Artigo 7º

Poderán ser integrantes da Asociación tódalas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:

- a.-** Ser pai, nai ou titor do alumno/a.
- b.-** Aboa-las correspondentes cotas e complementos de cota da Asociación.
- c.-** Acepta-los estatutos da Asociación.

Artigo 8º

Dentro da Asociación poderán existi-las seguintes clases de asociados:

- a.-** Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- b.-** Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da Asociación.

Artigo 9º

Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

- 1.-** Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
- 2.-** Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
- 3.-** Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- 4.-** Beneficiarse de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- 5.-** Ter copia dos Estatutos.
- 6.-** Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
- 7.-** Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- 8.-** Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
- 9.-** Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 10º

Son obrigas dos asociados e asociadas:

- 1.- Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno nos acordos das Asembleas Xerais.
- 2.- Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
- 3.- Asistir ás Asembleas Xerais.
- 4.- Satisface-las cotas que se establezan.
- 5.- Observar unha boa conducta individual e cívica.
- 6.- Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

Artigo 11º

A admisión de asociadas ou asociados, farase efectiva no momento do aboamento da primeira cota anual dende o ingreso do seu fillo ou filla ou tutelado/a no Centro Educativo ó que está relacionado esta Asociación.

Artigo 12º

A condición de asociado pérdese:

- 1.- Por vontade propia
- 2.- Por falta de pago nas cotas
- 3.- Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.
- 4.- Por expediente disciplinario
- 5.- Por causar baixa no centro os fillos/as ou tutelado/a do asociado

Artigo 13º.-

A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Artigo 14º

Os asociados poderán pedir a separación temporal por escrito. A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como retraso no pago da cota anual, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 15º

A dirección e a administración da Asociación serán exercidas polo Presidente/a, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 16º

O Presidente/a da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

O Presidente/a será designado pola Asemblea Xeral entre socios/as que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 2 anos.

Artigo 17º

A Xunta Directiva estará formada por un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, un Tesoureiro/a, e un vogal en representación de cada un dos cursos que se imparten no Centro (Educación Preescolar 3, 4 e 5 anos, 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, 1º, 2º, 3º e 4º da E.S.O. e 1º e 2º de Bacharelato), cargos que deberán recaer en asociados/as que leven polo menos un ano na Asociación todos eles con voz e voto, e ata dous vogais en representación do Centro, os cales actuarán con voz pero sen voto. A duración dos cargos axustarase en cada momento á duración de cada ciclo académico e por un período mínimo de dous anos, exceptuado o cargo de Educación Infantil de tres anos, que será por un período inicial dun ano.

Artigo 18º

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Elixiranse pola Asemblea Xeral os cargos de Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a, sendo escollidos os vogais nas reunións específicas que se realizarán ó principio do curso escolar, sendo transmitidos á Asemblea Xeral os correspondentes nomeamentos para seren ratificados ou rexeitados por esta.

Os cargos da Xunta Directiva renovaranse pola metade. Na primeira quenda serán renovados o Vicepresidente/a, o Tesoureiro/a e a metade dos vocais. O primeiro mandato dos cargos da segunda quenda de renovación durará un ano máis. O persoal de secretaría, se o houbese, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará ademais a súa retribución.

Artigo 19º

É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e a fixa-la data da Asemblea Xeral, fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderanlle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

Artigo 20º

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente/a ou o Vicepresidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente/a e, na súa ausencia, polo Vicepresidente/a ou polo Secretario/a, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos dun tercio dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O Secretario/a ou, no seu defecto, o Vicepresidente/a levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 21º

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recadar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vogais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobre en subcomisións.

Artigo 22º

A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente/a e o Secretario/a da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 23º

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente/a, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 24º.-

A Asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro do primeiro trimestre do curso lectivo (Outubro-Novembro-Decembro). Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a Presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación, tanto para Asemblea Ordinaria ou Extraordinaria, farase por medio de circular enviada ós domicilios dos asociados/as.

Artigo 25º

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- 1.- Aproba-la acta da reunión anterior.
- 2.- Aproba-lo plan de actividades.
- 3.- Examinar e aproba-la memoria de actividades.
- 4.- Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
- 5.- Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- 6.- Exame e aprobación das cotas.
- 7.- Elixi-los cargos de Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a e Tesoureiro/a e corroborar os dos vogais elixidos nas correspondentes reunións de curso.

Artigo 26º

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- 1.- Modifica-los Estatutos da Asociación.
- 2.- Aproba-la federación con outras Asociacións.
- 3.- Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- 4.- Acorda-la disolución da Asociación.
- 5.- Designa-los/as liquidadores/as.
- 6.- Ratifica-la expulsión de asociados/as a proposta da Xunta.
- 7.- Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.
- 8.- Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación
- 9.- As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
- 10.- Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 27º

Para que as Asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes. Poderá asistir a estas un representante ou dous da Dirección do Centro, e participará nela con voz pero sen voto.

Artigo 28º

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados 1 ó 5 do artigo 25º, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó Libro de Actas e asinará o/a Presidente/a, o/a Secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

Regulación do Voto en Asemblea Xeral, Voto Delegado e Representación:

- Aceptarase en Asemblea Xeral 1 voto por unidade familiar.
- No caso de pais divorciados aceptarase o voto do pai/nai que teña a custodia.
- O voto persoal anula o voto delegado.
- Presentación obrigatoria do DNI/NIE vixente para o voto.
- Establécese 1 representación por asistente á Asemblea Xeral.
- A representación acreditarase na Secretaría do colegio (en horario de Secretaría) co modelo aprobado pola Xunta Directiva a tal efecto e debidamente cumprimentado, nun prazo máximo de 5 días antes á da celebración da Asemblea Xeral.
- A votación en Asemblea Xeral realizarase do seguinte xeito: os puntos da orde do día serán votados primeiramente polos asistentes con dereito a voto e seguidamente os asistentes con voto delegado aceptado, sendo o valor do seu voto dobre.

Artigo 29º

Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións se abriranse cando así o determine o Presidente/a. Seguidamente se procederá por parte do Secretario/a á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario/a procederá a desenvolver-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contados nestes Estatutos, segundo a materia da que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados , a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído a cal levantarase a sesión por parte do/a Presidente/a.

Artigo 30º

Os acordos que vaian contra destes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 31º

O Presidente/a da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 15º, as seguinte atribucións:

- a.-** Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b.-** Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Xunta Directiva impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c.-** Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- d.-** Firma-las actas, certificados, pago e outros documentos da Asociación xunto co Secretario/a ou membro da Xunta Directiva a que lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

O Presidente/a será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente/a, que, ademais, substituiralle nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 32º

O Secretario/a terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e praxe do Presidente/a.

O Secretario/a correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 33º

O Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente/a, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económica.

O Tesoureiro/a ten a obriga de proceder ó peche do exercicio presupostario antes do 31 de agosto, co fin de que as contas estean a disposición dos membros

da Asociación nos quince días anteriores á celebración de Asemblea Xeral Ordinaria .

Artigo 34º

Os vogais terán as seguintes atribucións:

- 1.- Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- 2.- Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPITULO IV REXIME ECONOMICO

Artigo 35º

A Asociación no momento de inicia-las súas actividades dispón dun patrimonio de 1.600'00 €. O peche do exercicio económico coincidirá co do primeiro mes do inicio do curso escolar, e dicir cada 31 de agosto.

Artigo 36º

A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro/a da Asociación, que deberá telo preparado antes do 30 de setembro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 37º

A Asociación manterase dos seguinte recursos:

- 1.- As cotas periódicas dos/as asociados/as.
- 2.- As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- 3.- As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- 4.- Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
- 5.- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 38º

As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en ningún caso e dedicaranse a atende-las necesidades da Asociación.

Artigo 39º

Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada curso, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 40º

Anualmente no tempo que establece o artigo 23º será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 41º

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación os teña depositados, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente/a, o Vicepresidente/a, o Tesoureiro/a e mailo Secretario/a, para a utilización conxunta de dous deles.

Artigo 42º

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 43º

O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir, en ningún caso, en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 44º

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou $\frac{1}{4}$ dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 45º

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos $\frac{2}{3}$ dos membros da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 46º

A Asociación disolverase polas seguinte causas:

- 1.- Pola vontade dos/as asociados/as acordada polas $\frac{2}{3}$ partes dos mesmos/as
- 2.- Por outras causas determinadas legalmente.
- 3.- Por sentenza xudicial.

Artigo 47º

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 48º

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

DILIXENCIA

E PARA FACER CONSTAR QUE OS PRESENTES ESTATUTOS QUEDAN REDACTADOS SEGUNDO A MODIFICACIÓN ACORDADA NA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DE DATA 30 DE SETEMBRO DE DOUS MIL CATORCE.

O Secretario
Marcos Amoedo Rodríguez

v. e pr.
O Presidente
Manuel Fontenla Costas